



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

PLAN DE ACCIÓN SOCIAL 2010

Nos pasados días as organizacións sindicais estivemos a consensuar coa AEAT o Plan de Acción Social para o 2010. O Plan é continuista respecto ao ano pasado pero conseguimos introducir algunhas melloras salientables polo que todas as organizacións sindicais asinaron o Plan de Acción Social para o 2010.

As melloras introducidas no novo Plan de Acción Social son:

-Incrementáanse os limites das contías do nivel familiar de ingresos en 1.800 euros, as deducións por fillos en 200 euros e amplíase o límite de idade de fillos, para poder optar as axudas correspondentes, ata os 27 anos.

-En canto ao procedemento, resolveráanse todas as axudas antes do 31 de outubro de cada ano, exceptuando as que non teñan prazo establecido.

-Para o persoal que se xubile no 2010, amplíase a cobertura do Plan de Acción Social ata o 31 de outubro.

Respecto as axudas do Plan, nas distintas modalidades, as novidades son:

-Modifícase a redacción das axudas por vivenda, pois a anterior daba lugar a confusións.

-Axudas para o estudo e cualificación profesional: Inclúense no ámbito da axuda os estudos universitarios de posgrado e incrementáanse os límites nas distintas modalidades

- Tratamentos de saúde: incrementáanse os límites máximos nas distintas modalidades

-Axuda por xubilación: modifícase a redacción, pasando a tomar como referencia os ingresos do funcionario (antes era o nivel familiar de ingresos) e pasa a tramitarse de oficio pola Administración

-Axudas por promoción dos traballadores: Modifícase o prazo para a presentación de axudas, que se amplía ata o 30 de setembro

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM